

NOTA EMBARGADA ATÉ 20.45 h

Un total de 14 espectáculos competirán como finalistas nos XXVI Premios de Teatro María Casares

Os espectáculos de 'Othello', de Voadora, e 'Cigarreiras', de Contraproducións e Teatro Romea, contan con 8 finalistas; mentres que 'A lúa vai encuberta', de Incendiaria e A Quinta do Cuadrante, acada 7, e 'Terceiro acto', do Centro Dramático Galego, logra 6 finalistas

'A lúa vai encuberta', 'Cigarreiras' e 'Terceiro acto' competirán polo María Casares ao mellor espectáculo mentres que 'Hugo', dos Náufragos Teatro; 'Quixote', de Pedras de Cartón, e 'Cubo', de Elefante Elegante, farán o propio no apartado de espectáculo infantil

Santiago, 27 de abril-. Un total de 14 espectáculos competirán en calidade de finalistas por facerse con algún dos catorce galardóns que se entregarán durante a gala dos XXVI Premios de Teatro María Casares, que este ano se celebrará o 2 de xuño no Teatro Rosalía Castro da Coruña. Así se deu a coñecer esta tarde en Santiago durante a Festa de Finalistas 2022 que tivo lugar na Cafetería Lasso do Auditorio de Galicia. O acto, que foi presentado polo actor Jose Losada, contou coa asistencia de Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic); Xosé Lois Penas, deputado de Patrimonio da Deputación da Coruña; Jesús Celemín, concelleiro de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego do Concello da Coruña, e Isabel Blanco, delegada de AISGE en Galicia; de, que acudiron á Festa de Finalistas como representantes das institucións que patrocinan os galardóns do noso teatro, organizados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) dende a súa creación en 1997.

A obra **Cigarreiras**, de Contraproducións e Teatre Romea, acadou un total de 8 finalistas nas categorías de maquillaxe, vestiario, escenografía, adaptación-tradución, actriz protagonista por partida dupla, dirección e espectáculo. **Othello**, de Voadora, tamén conseguiu 8 finalistas. No seu caso, nos apartados de maquillaxe, vestiario, escenografía, iluminación, adaptación-tradución, música orixinal, actor secundario e dirección.

Pola súa banda, **A lúa vai encuberta**, de Incendiaria e A Quinta do Cuadrante, competirá por sete María Casares ao contar con finalistas para iluminación, adaptación-tradución, música orixinal, actor secundario, actor protagonista, dirección e espectáculo.

A produción do Centro Dramático Galego (CDG) **Terceiro Acto** rexistra seis finalistas nos apartados de escenografía, texto orixinal, actriz protagonista, actor protagonista por partida dupla e espectáculo.

Comando Comadres, de MatrioshkaTeatro, aspira a levar dous galardóns: maquillaxe e actriz secundaria, igual que **Quixote**, da compañía Pedras de Cartón, que opta aos de vestuario e espectáculo infantil. **O charca de Ulises**, do Centro Dramático Galego, tamén conseguiu dúas finalistas, ao aspirar por partida dupla ao premio de actriz secundaria.

Os seguintes espectáculos acadaron un finalista: **Morgana en Esmelle**, de Sarabela Teatro (actor secundario); **A parábola do angazo**, de Talía Teatro (texto orixinal); **A cazola de Lola**, de Tanxarina (música orixinal); **Soga e cinsa**, de Aporía Escénica (texto orixinal); **Serva me Servabo te**, do Centro Dramático Galego (iluminación), **Hugo**, de Os Naufragos Teatro (espectáculo infantil), e **Cubo**, de Elefante Elegante (espectáculo infantil).

Estes 14 espectáculos competirán así na gala dos XXVI Premios de Teatro María Casares. Os galardóns están organizados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) e contan tradicionalmente co apoio e o patrocinio de institucións e entidades como a Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña, o Concello da Coruña, a Fundación AISGE, Fundación SGAE ou Gadis, entre outros.

Relación de finalistas por montaxes

- 1. Cigarreiras, de Contraprodución e Teatre Romea (8 finalistas):** espectáculo, dirección (Cándido Pazó), actriz protagonista (Tamara Canosa e Susana Dans), adaptación/tradución (Cándido Pazó), escenografía (Dani Trillo), vestuario (Martina Cambeiro) e maquillaxe (Martina Cambeiro).
- 2. Othello, de Voadora (8 finalistas):** dirección (Marta Pazos); actor secundario (Hugo Torres), adaptación/tradución (Fernando Epelde), música orixinal (Hugo Torres), iluminación (Nuno Meira), escenografía (Marta Pazos), vestuario (Silvia Delagneau) e maquillaxe (Silvia Delagneau).
- 3. A lúa vai encuberta, Incendiaria e A Quinta do Cuadrante (7 finalistas):** espectáculo, dirección (Tito Asorey), actor protagonista (Davide González), actor secundario (Tito Asorey), adaptación/tradución (Vanesa Sotelo), música orixinal (Davide González) e iluminación (Laura Iturralde).
- 4. Terceiro acto, do Centro Dramático Galego (6 finalistas):** espectáculo, actor protagonista (Roberto Leal e Eduardo R. Cunha 'Tatán), actriz protagonista

- (Belén Constenla), texto orixinal (Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez) e escenografía (Marta Pazos)
5. **O charco de Ulises, do Centro Dramático Galego (2 finalistas):** actriz secundaria (Mónica Camaño e Raquel Espada)
 6. **Comando Comadres, de Matrioshka Teatro (2 finalistas):** actriz secundaria (Anabell Gago) e maquillaxe (LaPelu F.Silva)
 7. **Quixote, de Pedras de Cartón (2 finalistas):** vestuario (Diego Valeiras) e espectáculo infantil.
 8. **A parábola do angazo, de Talía Teatro (1 finalista):** texto orixinal (Araceli Gonda, Marta Lado, Jose Prieto, Diego Rey, Séchu Sende e Artur Trillo).
 9. **Morgana en Esmelle, de Sarabela Teatro (1 finalista):** actor secundario (Fernando Dacosta)
 10. **A cazola de Lola, de Tanxarina (1 finalista):** música orixinal (Ailén Kendelman).
 11. **Soga e cinsa, de Aporía Escénica (1 finalista):** texto orixinal (Diana Mera)
 12. **Seva me Servabo te, do Centro Dramático Galego (1 finalista):** iluminación (Laura Iturralde)
 13. **Cubo, de Elefante Elegante (1 finalista):** espectáculo infantil
 14. **Hugo, de Os Náufragos Teatro (1 finalista):** espectáculo infantil.

FINALISTAS XXVI PREMIOS MARÍA CASARES 2022

Mellor Maquillaxe		
Finalista	Espectáculo	Compañía
Martina Cambeiro	Cigarreiras	Contraproducións / Teatre Romea
Silvia Delagneau	Othello	Voadora
LaPelu F.Silva	Comando Comadres	MatrioshkaTeatro

Mellor Vestiario		
Finalista	Espectáculo	Compañía
Diego Valeiras	Quixote	Pedras de Cartón
Martina Cambeiro	Cigarreiras	Contraproducións / Teatre Romea
Silvia Delagneau	Othello	Voadora

Mellor Escenografía		
Finalista	Espectáculo	Compañía
Dani Trillo	Cigarreiras	Contraproducións / Teatre Romea
Marta Pazos	Othello	Voadora
Marta Pazos	Terceiro Acto	Centro Dramático Galego

Mellor Iluminación		
Finalista	Espectáculo	Compañía
Laura Iturralde	A lúa vai encuberta	Incendiaria / A Quinta do Cuadrante
Laura Iturralde	Serva me Servabo te	Centro Dramático Galego
Nuno Meira	Othello	Voadora

Mellor Música Orixinal		
Finalista	Espectáculo	Compañía
Ailén Kendelman	A cazola de Lola	Tanxarina
Davide González	A lúa vai encuberta	Incendiaria / A Quinta do Cuadrante
Hugo Torres	Othello	Voadora

Mellor Adaptación/Tradución		
Finalista	Espectáculo	Compañía
Cándido Pazó	Cigarreiras	Contraproducións / Teatre Romea
Fernando Epelde	Othello	Voadora
Vanesa Sotelo	A lúa vai encuberta	Incendiaria / A Quinta do Cuadrante

Mellor Texto Orixinal		
Finalista	Espectáculo	Compañía
Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez	Terceiro Acto	Centro Dramático Galego
Araceli Gonda, Marta Lado, Jose Prieto, Diego Rey, Séchu Sende e Artur Trillo	A parábola do angazo	Talía Teatro
Diana Mera	Soga e cinsa	Aporía Escénica

Mellor Actriz Secundaria		
Finalista	Espectáculo	Compañía
Anabell Gago	Comando Comadres	Matrioshka Teatro
Mónica Camaño	O charco de Ulises	Centro Dramático Galego
Raquel Espada	O charco de Ulises	Centro Dramático Galego

Mellor Actor Secundario		
Finalista	Espectáculo	Compañía
Fernando Dacosta	Morgana en Esmelle	Sarabela Teatro
Hugo Torres	Othello	Voadora
Tito Asorey	A lúa vai encuberta	Incendiaria / A Quinta do Cuadrante

Mellor Actriz Protagonista		
Finalista	Espectáculo	Compañía
Belén Constenla	Terceiro Acto	Centro Dramático Galego
Susana Dans	Cigarreiras	Contraproducións / Teatre Romea
Tamara Canosa	Cigarreiras	Contraproducións / Teatre Romea

Mellor Actor Protagonista		
Finalista	Espectáculo	Compañía
Davide González	A lúa vai encuberta	Incendiaria / A Quinta do Cuadrante
Eduardo R. Cunha 'Tatán'	Terceiro Acto	Centro Dramático Galego
Roberto Leal	Terceiro Acto	Centro Dramático Galego

Mellor Dirección		
Finalista	Espectáculo	Compañía
Cándido Pazó	Cigarreiras	Contraproducións / Teatre Romea
Marta Pazos	Othello	Voadora
Tito Asorey	A lúa vai encuberta	Incendiaria / A Quinta do Cuadrante

Espectáculo Infantil		
	Espectáculo	Compañía
	Cubo	Elefante Elegante
	Hugo	Os Náufragos Teatro
	Quixote	Pedras de Cartón

Mellor Espectáculo		
	Espectáculo	Compañía
	A lúa vai encuberta	Incendiaria / A Quinta do Cuadrante
	Cigarreiras	Contraproducións / Teatre Romea
	Terceiro acto	Centro Dramático Galego